

ARF

ANUNCIO DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, CELEBRADA O DÍA 16 DE MARZO DE 2023.

A Comisión de avaliación, por unanimidade dos membros asistentes, adopta os seguintes criterios para a valoración do segundo exercicio da fase de oposición, segundo a base 6.1:

- Puntuación máxima: 10 puntos
- Puntuación parcial:
 - Tema único bloque I: 2 puntos
 - Tema 1 bloque II: 4 puntos
 - Tema 2 bloque II: 4 puntos

C.I.F. P-1503100-H

Para a asignación das puntuacións parciais de cada un dos temas sacados ao chou, terase en conta o seguinte:

- Identificación e contextualización do tema prantexado, que demostre uns adecuados coñecementos teóricos sobre a totalidade do tema cun nivel de profundización e actualización de contidos.
- Adecuación ao marco normativo vixente, co detalle a normativa xeral e especial no seu caso e articulado de aplicación.
- Expresión escrita adecuada e capacidade expositiva. Precisión terminolóxica, riqueza léxica e sintaxis fluida.

Os mencionados criterios serán publicados na páxina web municipal (www.culleredo.es) con carácter previo a realización do segundo exercicio.

A sra. Presidenta convoca a todos os membros do Tribunal e ao persoal colaborador para a realización do segundo exercicio da fase de oposición o día **5 de xuño** as 10.00 horas para a preparación do exercicio, así como aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio as 10.30 horas do mesmo día, para a realización do mesmo, no Salón de Sesións do Concello de Culleredo.

Culleredo, á data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal

O secretario do Tribunal